



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA ONCE DE XULLO DO ANO DOUS MIL OITO.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e dez minutos do día once de xullo do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
D. Antonio Estévez González.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado
Dna. María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, Dna. Laura Fernández Permy.

Non asiste o concelleiro D. Benito Vázquez Vázquez

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DO 2008.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vintenove de marzo do ano dous mil oito, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vintenove de marzo de dous mil oito, resultou aprobada, por maioría absoluta, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Yáñez Salgado Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (unha abstencións)

PUNTO SEGUNDO: EXPEDIENTE 2008/058, PACTO TERRITORIAL POLO EMPREGO LIMIA-VERÍN.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta de Alcaldía

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO DE EMPREGO DA LIMIA-VERÍN

Para a posta en marcha do pacto territorial de emprego da Limia-Verín crearase unha asociación con todas as entidades que conforman o Pacto Territorial.

Esta asociación crearase, ademais de polos asinantes do pacto, polos concellos do ámbito territorial.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Coa denominación de ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LIMIA-VERÍN, constituirase unha asociación voluntaria e sen ánimo de lucro que perseguirá os seguintes fins:

Promover e apoiar a creación do Pacto Territorial de Limia-Verín o cal ten como obxectivos:

Acercar o nivel de intervención das administracións co ámbito no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego; a creación de marcos de coordinación e intervención das diferentes administracións e axentes sociais implicados nas políticas de emprego, así como un incremento e unha xestión coordinada do conxunto dos recursos políticos que se destinan ao emprego na zona da Limia-Verín.

Esta asociación operará como instrumento de intermediación entre a Consellaría de Traballo e os seus integrantes, isto é, a Confederación de Empresarios de Galicia, os sindicatos UGT de Galicia, CC.OO. de Galicia e a CIG e, o que é máis importante, todos e cada un dos concellos do ámbito do Pacto Territorial de Emprego de Limia-Verín. Polo tanto é necesaria á creación desta asociación para a posta en marcha do Pacto Territorial de Emprego de Limia-Verín.

Logo de ver a proposta de funcionamento dos pactos territoriais de Galicia.

Unha vez coñecidos os estatutos da asociación impulsora do Pacto territorial de emprego da Limia-Verín.

Logo de ver o artigo 47.2 g) e a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; propono que o Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Incorporar ao Concello de Lobios á Asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego da Limia-Verín.

SEGUNDO.- Aprobado os estatutos da Asociación impulsora do Pacto Territorial de Emprego da Limia-Verín.

TERCEIRO.- Designar a Jose Lamela Bautista como representante do Concello de Lobios na Asociación impulsora do pacto e a Noelia Araújo Fernández como persoa suplente en caso de non poder acudir o titular.

En Lobios, a 2 de xullo de 2008.

O alcalde”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta que custe implica para o Concello.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respondendo que non implica ningún coste e que é positivo para o Concello que debería adherirse.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, indica que reiteran a súa petición de remitir máis documentación para poder ver con calma a mesma.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica o mesmo.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

PUNTO TERCEIRO: EXPEDIENTE 2008/069 REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTENIBILIDADE.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta de Alcaldía

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

“Vista a Orde do 23 de maio de 2008 pola que se crea a Rede Galega de concellos pola sustentabilidade, (DOG nº 107, do 4 de xuño de 2008), esta Alcaldía formula proposta ao Pleno do Concello para a adopción da seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar a adhesión do Concello de Lobios á rede galega de concellos pola sustentabilidade e a inscrición no seu rexistro.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de adhesión do concello á Rede de cidades e municipios polo clima.

TERCEIRO.- Adherirse á Carta de Aalborg +10, comprometéndose a potenciar o desenvolvemento sustentable do concello mediante a participación cidadá e a implicación dos sectores económicos e sociais.

CUARTO.- Organizar unha comisión técnica de seguimento no concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade (urbanismo, transporte, ambiente, participación...).

QUINTO.- Designar a D. Jose Lamela Bautista e D. Tomás Fernández González, como vocais titular e suplente, respectivamente, que actuarán como representantes do concello na Asemblea Xeral da rede.

SEXTO.- Fomentar canles estables de participación cidadá e comprometerse a organizar e manter os foros de participación da Axenda 21 local.

SEPTIMO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito proceda para executar o presente acordo.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta que custos implican para o Concello.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que o Concello non se compromete en nada económico.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que o seu voto é favorable condicionado a que o concello non se comprometa a nada económico.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, indica que o voto do seu partido tamén é favorable condicionado ao mesmo.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

PUNTO CARTO: EXPEDIENTE 2008/066, OBRADOIRO DE EMPREGO ”XURES”.



CONCELLO DE LOBIOS

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta de Alcaldía

“Proposta de alcaldía

Vista a necesidade de solicitar un obradoiro de emprego na cal se pretende potenciar os coñecementos dos oficios de albanelería (20 alumnos), instalacións (10 alumnos) e restauracións de áreas degradadas (10 alumnos), mediante a actuación no seguinte patrimonio (sen perxuicio doutro).

1. Adaptación da antiga aduana de “A Magdalena” para punto de información turística.
2. Adaptación da “Casa do médico” para establecer un espazo de usos múltiples, no cal se poidan impartir cursos e desenvolver actividades as asociacións de veciños, os empresarios...
3. Acondicionamento dos vestiarios do campo de fútbol, co obxecto de que o equipo de fútbol e a poboación do concello conte cunhas instalación adecuadas a normativa para realización de actividades deportivas e/ou de ocio.
4. Realización das instalacións da urbanización do cámping, co obxecto completar esta infraestrutura. Así como as instalación nos edificios da aduana, da casa do médico e dos vestiarios do campo de fútbol
5. Realización dun módulo de áreas degradadas.

e explicada a cofinanciación da iniciativa entre a consellería de Traballo e a Consellería de Medio Ambiente que aportaría a cantidade de 151.292,00 euros,

Propoño ao Pleno de Concello a adopción do seguinte acordo:

1. Denominar oficialmente ó Obradoiro de Emprego co nome “Xurés”
2. Establecer a sede do obradoiro de emprego na casa do Concello.
3. Aprobar o proxecto técnico, redactado polo arquitecto D. José Luís Rapela Pérez
4. Solicitar a Consellería de Traballo a concesión do Obradoiro de Emprego anteriormente reseñado.
5. Delegar no Sr. Alcalde-Presidente o exercicio de cantas accións necesarias para actuar en nome do Concello de Lobios como entidade copromotora e lograr a plena execución deste acordo.
6. Autorizar as autorizacións comprendidas na memoria do proxecto do Obradoiro de Emprego “Xurés” do Concello de Lobios, a lo menos polo espazo de tempo no que se desenvolve o devandito Obradoiro de Emprego.
7. Solicitar con carácter previo a solicitude do obradoiro e segundo as recomendacións dictadas polo arquitecto- municipal D. Jose Luís Rapela Pérez, as autorizacións administrativas esixibles atendendo á natureza xurídica dos obxectos sobre os que se actúa, cedendo a dispoñibilidade dos obxectos de actuación.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta que custos implican para o Concello.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que a parte que lle correspondía ao concello se negocia con Medio- Ambiente para que o aporte, e se negocia coa inclusión de un modulo ambiental para mellorar as rutas e que “ A Madalena “ quede como punto de información.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, pregunta se xa esta negociado e acordado o convenio.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que si, pero que aínda non se firmou porque entrarían nos orzamentos do ano que ven.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, indica que o seu partido vota favorablemente, condicionado a que se consigan os 151.292 € por Medio- Ambiente, e non implique para o Concello ningún gasto

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta se o destino das obras xa están pactados.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que o cámping se meteu como unha continuación das obras xa iniciadas, xa que a Comisión de montes de Riocaldo denegou desviar o cámping a outros campos, na “ casa do medico” se pensou como un primeiro contacto para empresas dentro do programa que inclúe protexe-lo medio empresarial, os vestiarios merecen unha mellora e por iso se meten, e a “ Casa da Madalena” que esta abandonada se inclúe para melloralala e co acordo de Medio-Ambente se deixaría a casa coma punto de información ambiental.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta se hai xa acordo para dar a casa do medico a empresarios.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que non, que o o xectivo é mellorar as casas.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta se se vota o proxecto.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que se vai votar un Obradoiro.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que el ten que ver o proxecto e que o punto é moi escueto e se entera agora de que se vai votar un proxecto que vai destinado a un obradoiro.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que se vota é a execución e entende que o destino se condicionara posteriormente.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que o fin primeiro é a formación á xente, tendo a posibilidade de adquirir un patrimonio que implicitamente ven engadido.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que el quere ter un despacho no concello para poder ver os expedientes que xa o pediu por escrito, continua decindo que respecto ao tema dos proxectos lle interesa saber si se vai votar o uso e o destino dos mesmos.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que non hai un destino previo

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a documentación se da, pero se pode mellorar e no tema do despacho se pode falar.

Concedida a palabra ó membro do Grupo Político Municipal do PP, Dna. Belen González González, indica que non piden que se lles mande o proxecto, pero si mais información.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a documentación se pode ver porque sempre se deu a mesma.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, indica que propoñen que se lles facilite a súa labor xa que non traballan no municipio e non teñen posibilidades de vir durante a semana a ver a documentación, e solicitan por mail ou por correo unha maior documentación para poder votar dunha maneira mais responsable.



CONCELLO DE LOBIOS

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista respostando que se intentara enviar mais documentación na medida en que se poida xa que as propias dificultades da existencia de documentos en papel hai que engadir a baixa dunha funcionaria.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que vota en contra pola falta de claridade do punto e por non examinar os proxectos que se van a executar.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: : Sres./as Veloso González (un voto en contra)

PUNTO CINCO: ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2008:

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta de Alcaldía

“PROPOSTA DE ACORDO

PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO DO 2008: BASES DE EXECUCIÓN. PLAN DE INVERSIÓN. PLANTILLA ORZAMENTARIA.

Dada conta do expediente ó efecto, no que consta o informe preceptivo da Intervención Municipal, a Presidencia somete á consideración do Pleno a aprobación do referido Orzamento para o exercicio do 2008.

Propoño ao Plenp o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal do Concello para o exercicio de 2008 que ascende no seu estado de gastos a UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL CATROCENTOS VINTESETE EUROS CON CINCONTA E UN CENTIMOS (1.238.427,51 €) e no seu estado de ingresos a UN MILLÓN DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL CATROCENTOS VINTESETE EUROS CON CINCONTA E UN CENTIMOS(1.238.427,51 €), así como toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos de Persoal	625.398,75 €
2	Gastos Bens Correntes e Servicios	472.330,06 €
3	Gastos Financeiros	17.378,72 €
4	Transferencias correntes	18.740,00 €
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Inversións reais	78.579,11 €
7	Transferencias de capital	0 €
8	Activos Financeiros	0 €
9	Pasivos Financeiros	26.000,87 €



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

TOTAL GASTOS1.238.427,51 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos directos	212.203,00 €
2	Impostos indirectos	34.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	131.500,00 €
4	Transferencias correntes	827.578,24 €
5	Ingresos patrimoniais	330,70 €
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Alleamento de inversións reais	0 €
7	Transferencias de capital	32.815,57 €
8	Activos financeiros	0 €
9	Pasivos financeiros	0 €
	TOTAL INGRESOS	1.238.427,51 €

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal e as remuneracións do persoal municipal para o exercicio de 2008, conforme se recollen no anexo de persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as bases de execución do dito.

CUARTO.- Expoñelo ao público mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

QUINTO.- Se durante o dito prazo non se presentaran reclamacións, o orzamento municipal considerárase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e entrará en vigor unha vez publicado o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- Remitirlle unha copia do orzamento definitivamente aprobado á Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Economía e Facenda, para cumprir co disposto no artigo 169.4 do Real decreto legislativo 2/2004.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica se non se vai explicar mais detalladamente as partidas de gastos e de ingresos.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista e fai lectura dos proxectos de estado de ingresos e de gastos:



CONCELLO DE LOBIOS

PROYECTO DE PRESUPUESTO 2008

ESTADO DE INGRESOS

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>CÁ</u>
112	Impuesto sobre Bienes Inmuebles:	103.603,00 €	
112.03	Gestión altas IBI	2.000,00 €	
113	Impuesto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica	70.000,00 €	
130	Impuesto sobre Actividades Económicas:	36.600,00 €	
	TOTAL CAPÍTULO 1°		212
282	Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras	34.000,00 €	
	TOTAL CAPÍTULO 2°		34
310.00	Tasa por expedición de documentos	1.000,00 €	
310	Tasas por aportación de servicios:		
310.01	a) Recogida de basura	60.000,00 €	



CONCELLO DE LOBIOS

320.04	Tasas por ocupación dominio público, postes y palomillas	14.500,00 €	
310.02	Tasas Servicio Abastecimiento de Agua	7.000,00 €	
340.03	Precio Público Puestos Feria	5.500,00 €	
340.02	Servicio de ayuda en el hogar	7.500,00 €	
399.04	Reintegro 061 servicio ambulancia	36.000,00 €	
		TOTAL CAPÍTULO 3º	131
420	Participación Municipal en los Ingresos del Estado	418.800,00 €	
455	Subvenciones de la Comunidad Autónoma para Gastos Corrientes:		
	- Fondo Cooperacion Local	226.189,20 €	
	- GRUMIR estable	33.000,00 €	
	- C. Traball GRUMIR	21.031,82 €	
	-Axuda no fogar	2.163,26 €	
	- Obreros VÍA NOVA	4.148,96 €	
	- Brigada Obras	60.015,00 €	
	- SERGAS	3.200,00 €	
	- A.D.L.	16.910,00 €	
	- Educadora Familiar	7.120,00 €	
	- Plan Concertado:	35.000,00 €	
		TOTAL CAPÍTULO 4º	827



CONCELLO DE LOBIOS

520	Intereses de Depósitos y Cuentas Bancarias	330,70 €
TOTAL CAPÍTULO 5°		
762	Diputación Provincial: Aportaciones del Estado y de la propia Diputación para obras Planes Provinciales 2008.	32.815,57 €
TOTAL CAPÍTULO 7°		32
SUMA TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS		1.238.427,51 € 1.238
DIFERENCIAS		0,00 €

PROYECTO PRESUPUESTO 200			
G A S T O S			
G.F.	subfunc.	CODIGO	DENOMINACION DE LOS CONCEJ
CAPITULO 1			
		GRUPO DE FUNCION 1.- SERVICIOS DE CARÁCTER GENERAL	
		FUNCION 111: ALTOS CARGOS	



CONCELLO DE LOBIOS

1	11	100.00	Asistencias Corporativos
	11	160	Seguridade Social Altos Cargos
			PERSONAL FUNCIONARIO
		FUNCION	121: ADMINISTRACION XERAL
1	121	120.00	Retribuciones básicas
1	121	121.00	" complementarias
1	121	131.00	Personal laboral (ADL + otro: 17.640 €y limp
1	121	150.00	Incentivo de Productividade
1	121	160.00	Seguros Sociais
			GRUPO DE FUNCION 3.- SEGURIDAD, PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL
			CONCEPTO 31: ACCION SOCIAL
3	313	131,00	Nóminas (Asistente social, axuda no fogar e ed
3	313	160.00	seguros sociais
3	313	160.01	credito reconocido S. S. añoS 2006 Y 2007



CONCELLO DE LOBIOS

			CONCEPTO	32: PROMOCION EMPLEO
3	323		131.00	ADL
3	323		131,01	Grumir Estable Convenio FEGAMP
3	323		131.02	Persoal Laboral Subvencions traballo
3	323		150	Gratiificacions
3	323		160.00	seguros sociais
			GRUPO DE FUNCION 4.- PRODUCCIÓN DE BIENES PÚBLICOS DE CARÁCTER SOCIAL	
				(inclúense aproveitamentos urbanísticos)
			FUNCION	43: URBANISMO
4	432		131.00	persoal laboral eventual
4	432		151.00	Gratificacions
4	432		160.00	seguros sociais
			FUNCION	44: LIXOS
4	442		131.00	persoal laboral temporal
4	442		160.00	seguros sociais



CONCELLO DE LOBIOS

CAPITULO 2 GASTOS EN BIENES			
CORRIENTES Y SERVICIOS			
		FUNCION	11: ALTOS CARGOS
1	11	222.00	Telfonos
1	11	226.01	Gastos representación
1	11	230.00	Dietas
1	11	231.00	Locomoción
		FUNCION	12: ADMINISTRACION XERAL
1	12	203.00	Alquiler maquinas
1	12	216.00	equipos/program. informáticos
1	12	220.00	material de oficina
1	12	220.01	prensa, anuncios, publicaciones
1	12	220.02	material informatico non inventariable



CONCELLO DE LOBIOS

1	12	221.00	enerxía eléctrica
1	12	222.00	comunicacións telefónicas
1	12	222.01	comunicacións postais
1	12	222.03	" telefax
1	12	224.00	primas de seguros
1	12	226.02	publicidad
1	12	226.03	gastos asistencia técnica xurídica
1	12	227.06	traballos (xestoría)
1	12	227.07	traballos (Alfredo Nanin)
1	12	228.05	telefono xulgado paz
1	12	230.01	dietas
1	12	231.00	locomocións
1	12	233.00	asistenciais tribunais
		FUNCION	22: SEGURIDADE
2	22	212.00	conservación manteni. Y reparacións
2	22	214.00	mantenimento vehículos



CONCELLO DE LOBIOS

2	22	221.00	enerxía eléctrica
2	22	221.03	combustibles
2	22	221.07	productos farmaceuticos
2	22	221.08	productos limpeza
	22	222.05	comunicaciones
2	22	224.00	primas seguros
		FUNCION	313: ACCION SOCIAL (AXUDA A DOMICI
3	31	220.00	telefonos
		FUNCION	41: CENTRO DE SAUDE
4	41	221.00	enerxia electrica
4	41	221.03	combustible
4	41	221.08	productos limpeza
4	41	222.00	telefonos
4	41	222.03	telefax



CONCELLO DE LOBIOS

		FUNCION	42: EDUCACION
4	42	212.00	mantenimiento edificios
4	42	221.00	enerxía eléctrica
4	42	221.08	productos limpeza
		FUNCION	43: URBANISMO
4	43	210.00	mantenimiento infraestructuras
4	43	210.01	reparaciones, mantenim y conservacion
4	43	212.00	mantenimiento edificios
4	432	221.04	vestiario
4	432	224.00	primas de seguros
4	432	227.07	Traballos técnicos: arquitecto
		FUNCION	44: LIXOS
4	44	214.00	reparacion vehículos
4	44	221.03	combustibles
4	44	224.00	primas seguros



CONCELLO DE LOBIOS

4	44	227.01	recollida lixo
4	442	227.03	convenio diputacion provincial
4	44	227,02	credito reconocido.Plan sogama 06 y 07
		FUNCION	45: CULTURA
4	45	212.00	mantenimiento piscina municipal
4	45	220.01	prensa, libros, ...
4	45	221.01	productos limpeza
4	45	226.08	activid de prom y difus cultura
		FUNCION	51: VIAS PUBLICAS
5	51	221.00	enerxia electrica camiños, estradas e vias publ
		FUNCION	61: ADMINISTRACION FINANCIERA
6	61	227.08	gestion tributaria
6	61	227.08	servicio recaudación
CAPITULO 3 GASTOS FINANCIEROS			



CONCELLO DE LOBIOS

		GRUPO DE FUNCION 0.- DEUDA PUBLICA	
		FUNCION	01:DEUDA PUBLICA
0	01	310.00	Intereses préstamos a largo Plazo:
0	01	310.02	intereses operaciones tesorería: 50.000
0	01	311.00	comisione prestamos
0	011	349.00	interese aval bancario
		FUNCION	61: ADMINISTRACION FINANCIERA
0	01	349.00	comision operación bancaria
CAPITULO 4 TRANSFERENCIAS			
CORRIENTES			
4	45	481.00	premios entroido
4	45	489.00	subvencions



CONCELLO DE LOBIOS

			banda de gaitas	7.000,00
			banda de musica	7.000,00
			equipo futbol	4.000,00
CAPITULO 6 INVERSIONES REALES				
			ARTICULO 60	INVERSION NUEVA EN INFRAESTRUCTU Y BIENES DESTINADOS AL USO GENERA
4	43	601.00	inversion nueva	
4	45	601.00	adquisicion maquinas gimnasio	
4	51	601.00	plan provinciales 08	
			ARTICULO 62	INVERSION NUEVA ASOCIADA AL FUNCIONAMIENTO OPERATIVO DE LOS SERVICIOS
1	12	625.00	Inversions (equipos procesos información)	
2	22	623.01	maquinaria, instalaciones y utillaje	
3	31	624	material de transporte	
5	51	620.00	ocupación bienes carretera Grou 08	



CONCELLO DE LOBIOS

5	51	620.01	crédito reconocido. Parcelas Vila 07 y parcelas
		CAPITULO 9 PASIVOS FINANCIEROS	
		ARTICULO 91	AMORTIZACION PRESTAMOS
0	01	913	amortizacion prestamos L/p entes fuera sector
		SUMA TOTAL PRESUPUESTO DE GASTO:	
		
		diferencias	
		

DIFERENCIAS INGRESOS - GASTOS



CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, que fai lectura dun cadro que aparece na Memoria de Alcaldía, que se reproduce literalmente

RESUMEN DE GASTOS PENDIENTES DE ABONO, ANTERIORES A 2007		
CONCEPTO	DEUDA PENDENTE EN 2007	PAGADO ACTUALMENTE
Cuota Múnic. do IAE da Cent. Hidr. Conchas	99.238,91	43.203,94
Pasivos financeiros	332.629,21	25.339,60
Operación tesourería	53.400,00	7.400,00
AVAL		424,00
Facturas exercicios anteriores	753.672,59	
Recoñecementos extraxudiciais	107.514,14	107.514,14
Listado pend. de recoñec. extraxudicial	197.133,86	
Obrigacións pend. de pago (recoñecidas)	306.299,45	
Listado pedante de recoñec. extraxudicial.	142.725,14	
DIPUTACION	29.592,64	
SENTENCIAS JUDICIALES	106.000,00	
Partidas Pend. de aplicación anos anteriores	272.000,00	
TOTAL	1.646.957,35	183.881,68

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explicando que este cadro fai referencia á parte económica que hai que pagar, continua decindo que se esta facendo un esforzo para intentar recoñecer e aboar estas cantidades en base aos ingresos. Explica que a cuota municipal das Conchas é a cantidade de IAE que se recauda en Lobios, pero que pertence a Muños, Bande e Lobeira e que non se lles pagaba a estes Concellos.

O seguinte cadro de pasivos financeiros son dúas operacións de crédito a largo prazo que están en fase de amortización, no cadro seguinte se inclúe unha operación de tesorería que ten o Concello.

No cadro de facturas de exercicios anteriores se inclúen as facturas que se recoñeceron en recoñecemento extraxudicial no ano 2007 por importe de 107.514,14 €, tamén se inclúen as facturas pendentes de recoñecer do ano 2007 que ascenden a 197.133,86 €, as facturas recoñecidas durante o exercicio que non se pagaron nese ano (306.299,45) e as facturas pendentes de recoñecer de exercicios anteriores (142.725,14 €).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

O cadro seguinte corresponde a débeda que se ten coa Deputación pola cuota provincial, a que xa se lle pagou unha cantidade importante, e que eles nos devolveron dos Plans provinciais e de subvencións, pero que se lle segue debendo 29.592,54 €

O cadro de Sentencias Xudiciais fai mención as sentencias condenatorias para o Concello ou recorridas, que no caso de confirmarse, suporán o pago aproximado de 106.000 euros en conceptos de indemnización pola extinción do contrato de unha administrativa, o derribo dunha casa e unha reclamación do Ex-secretario D. José Bouzas.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que respecto as sentencias do Sr. Bouzas non entende como pode reclamar uns 18.000 € co desfalco de diñeiro que hai dos anos en que foi Secretario, continua decindo que neses procedementos xudiciais non houbo condena en costas e pagar eso lle parece denigrante.

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que non hai unha Sentencia firme por agora, pero que en caso de confirmarse as mesmas suporían esas cantidades de diñeiro. Continua explicando que o ultimo cadro fai referencia a facturas que xa están pagadas pero que están pendentes de incorporar as partidas orzamentarias correspondentes.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que se pretende é dar luz do que se debe.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que deses gastos existen facturas no Concello e que corresponden case todo a gastos correntes nos que é case imposible saber se se fixo ou non o gasto, pero se poderá buscar responsabilidade patrimonial xa que estamos nunha situación complicada par sanear a curto prazo.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que debe de explicarse estos gastos, continua preguntando se se vai pagar aumentando impostos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que o problema o teñen todos e hai que buscar unha solución e a primeira é legalizar o Concello e intentar facer os recoñecementos e asumir as obrigas cun plan de saneamento, xa que non se pode acudir a un crédito porque temos aforro neto negativo, e traballar para conseguir axudas, como se expón na Memoria de Alcaldía, fai lectura do seguinte cadro de subvencións concedidas ou pendentes de conceder:

ALGUNHAS DAS SUBVENCIÓNS E OBRAS, ADXUDICADAS OU EN VIAS DE ADXUDICACIÓN, A LOBIOS A 1/07/2008

MEDIOAMBIENTE

Abastecementos saneamentos	Obra Proxecto	Augas de Galicia Parque p. vivir	SUBVENCIÓN	CONCELLO
			854.828,84 €	
			30.000,00 €	0
	Pasarela de Riocaldo	Delegación M.A.	80.000,00 €	0
	Desbrozadora – tractor	Delegación M.A.	89.199,94 €	0
	Convenio Obradoiro (MATERIALES)	Dir.Conserv.Natur.	151.000,00 €	0



CONCELLO DE LOBIOS

TRABALLO

OBRADOIRO		865.284,00 €	0
Brigada Pieg		64.000,00 €	0
arquit.+Cont.+Adm. (4 meses)		23.000,00 €	0
PROTECCIÓN CIVIL		136.000,00 €	0

PRESIDENCIA

Camión cisterna BUL	Conv.Muiños/Entr	120.000,00 €	10.000,00 €
---------------------	------------------	--------------	-------------

INTERREG

Via Nova	Fondos europeos	225.000,00 €	
	Consellería Cultura	56.250,00 €	0
Tierra sin fronteras	Fondos europeos	282.608,00 €	
	Consellería Turismo	70.652,00 €	0

DIPUTACION

Padrendo - Ponte Gustomeau	PLAN PROVINCIAL	32.815,57€	9.554,50€
CARRETERA VALOIRO	Fondos europeos	700.000,00 €	0
Carretera de GROU	Plan provincial	427.232,00€	0

MEDIO RURAL

Levadas Devesa e Lobios		50.000,00 €	0
-------------------------	--	-------------	---

COPTOP

OU540-Fronteira Portuguesa		1.116.962,00 €	0
PXOM – Lobios		95.594,00 €	0
Ctera. Herdadiña Pk 4.590-5690		210.000,00€	0
		5.680.426,35 €	19.554,50 €

Continua decindo que se pretende que o Concello non teña que por parte nas axudas ou conseguir esa parte por outras vías, implica un dobre esforzo pero se pode levar adiante. A continuación fai lectura doutras vías que aparecen na Memoria de Alcaldía:

“
6. Con caracter xeral, xunto con a redución do gasto, tratar de incrementar a capacidade de xeración de recursos propios do Concello pola vía do exercicio da súa potestade tributaria, e buscar a través dos principios administrativos de cooperación e colaboración con outras administracións a obtención de recursos procedentes de outras administracións pola vía de transferencias correntes e de capital.

7. Outro aspecto a considerar é a posta en valor dos seus propios recursos, tralo estudo e ordenación correspondente, entre eles podemos citar:

- ? Posta en funcionamento e rentabilización económica do Bar e da Piscina de Lobios.
- ? Ordenanza para a xestión económica e organizada da Feira de Lobios
- ? Unha vez realizada a Piscina termal de Riocaldo (Interreg), destinala a un dobre fin: rendemento económico directo para o Concello e reclamo turístico para a Baixa Limia.

8. Ante a imperiosa necesidade de buscar unha solución os problemas planeados, baixo o asesoramento da Secretaria Interventora, estudar a conveniencia de elaborar e implantar un **Plan de Mellora e Saneamento Económico-Financiero**, a realizar nun prazo máximo de tres anos.”



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que presentau un escrito polo tema da motobomba e pregunta se se produce un incendio quen o apaga.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que esta facendo as xestións coa Consellería de Medio Rural para traer un vehículo, tamén falou co Concello de Calvos, e con Presidencia se firmou un Convenio para traer un camión cisterna, o problema é que ten que por o Concello 30.000 €, e para esta parte se chegou a un acordo con Muíños e Entrimo para aportarse

Concedida a palabra Sr. Paz Leon indica que se tiña unha motobomba ata fai días pero que se levou se ningunha explicación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a Consellería de Medio Rural pode poñer unha motobomba para Medio Rural, pero en época de extinción de incendios ten que facer frente aos mesmos, xa que nin na Xunta nin no Concello o Grupo político BNG ten delegada a competencia en materia de incendios urbans. Continua decindo que se intentara que unha motobomba se desplace para o Concello co seu persoal, pero que non se pode responsabilizar a unha organización política que non é a responsable.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que se esta buscando unha solución de ceder un vehículo ata que chegue o outro, xa que arranxar o que se ten e mais custoso que a compra do novo.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que entende que no Orzamento debería de haber unha partida para a motobomba de 60.000 €e para o asunto de Riocaldo outra de 120.000 €, tamén debería recollese unha partida par contratar un contable de 20.000 e par ter un informe das contas destes últimos anos, nembargantes di que apoiou o cambio e por iso o seu votovai ser favorable pero quere que conste en acta que deberían existir estas partidas.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o voto do seu partido vai ser favorable.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal do PP, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, indica que o voto do seu partido será de abstención xa que fan unha política de actuación constructiva, pero que non están de acordo con algunha partida do orzamento.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Yáñez Salgado Estévez González , González González (Tres abstencións)

PUNTO SEXTO: DEDICACION EXCLUSIVA (ALCALDE) E DEDICACION PARCIAL (TENENTE DE ALCALDE):

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, da lectura da proposta de Alcaldía

“-PROPOSTA DA ALCALDÍA-

D. Jose Lamela Bautista, en calidade de Alcalde-Presidente do concello de Lobios ao abeiro das facultades que lle veñen conferidas a esta alcaldía polo *artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 61 da*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, artigo 24 do RD 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, artigo 41 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais e demais normativa concordante.

Considerando a previsión do artigo 38 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, e os informes de Secretaira e de Intervención, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro: Aprobar, condicionado á entrada en vigor dos Orzamentos e con efectos dende o día seguinte á publicación no BOP do orzamento do ano 2008, que o cargo de **Alcalde** do Concello de Lobios, leve aparelhada unha **dedicación exclusiva** cunhas retribucións brutas anuais de 14 pagas brutas de mil seiscientos sesenta e catro euros con noventa e oito centimos (1.664,98 €) e a correspondente alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, ao abeiro do sinalado no artigo 75 da LRBRL. Estas retribucións experimentaran anualmente un incremento do dous por cento.

Segundo: Que o réxime de dedicación mínima ás tarefas encomendadas como Alcalde será a súa presenza no Concello de oito e media a dúas e media todos os días laborables de luns a venres, sen prexuízo das viaxes ou saídas da Casa Consistorial que fosen necesarias para o desempeño do seu cargo.

Terceiro: Aprobar, condicionado á entrada en vigor dos Orzamentos e con efectos dende o día seguinte á publicación no BOP do orzamento do ano 2008, que o cargo de **1º Tte. de Alcalde** do Concello de Lobios, debido ás competencias e responsabilidades que lle foron delegadas pola alcaldía, leve aparelhada unha **dedicación parcial** polo seu tempo de dedicación efectiva, cunhas retribucións brutas anuais de 12 pagas brutas de 900 € e a correspondente alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, ao abeiro do sinalado no artigo 75 da LRBRL. . Estas retribucións experimentaran anualmente un incremento do dous por cento.

Cuarto: Que o réxime de dedicación mínima ás tarefas encomendadas como 1º Tte. de Alcalde será a súa presenza no Concello tres días á semana, sen prexuízo das viaxes ou saídas da Casa Consistorial que fosen necesarias para o desempeño do seu cargo.

Quinto: En ningún caso se terá dereito á percepción das contías sinaladas no caso de que a persoa que ocupe os cargos referidos ostente outro cargo representativo con retribucións fixas e periódicas, como pode ser o de parlamentario europeo, parlamentario nacional, parlamentario autonómico ou senador.

Sexto. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia*, unha vez entrado en vigor o orzamento, os efectos do seu xeneral coñecemento, dada a súa transcendencia.”

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que o cambio que experimentou o Concello ten que ser positivo e teñen que ser responsables do soldo que se van a subir.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista indicando que no seu soldo hai un lixeiro aumento que corresponde ao custe do convenio firmado coa Seguridade Social par non perder a base de cotización que tiña co seu posto de traballo no que se atopa en excedencia forzosa.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Fernández Simo, Carballo Suárez (seis votos a favor).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS EN CONTRA: Sres./as Yáñez Salgado Estévez González , González González (Tresvotos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres./as Veloso González (unha abstención)

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo a unha hora e vinte minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernández Permuy